

Buteo buteo (Linnaeus, 1758)

	buxato, miñado común, lamego, lamote
	ratonero, busardo ratonero, aguillilla
	zapelatz arrunta
	aligot comú
	common buzzard
	minhoto, bútio, águia-de-asa-redonda



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIS

Peso	622-1183 g(♂), 782-1364 g(♀)
Lonxitude	40-58 cm
Envergadura	109-136 cm

FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Accipitriformes	Accipitridae	<i>Buteo</i>

ALIMENTACIÓN

Pequenos mamíferos, lagartos, cóbregas, anfibios, aves novas, insectos e miñocas.

COMPORTEAMENTO

Son diúrnos, monógamos, solitarios e territoriais, inda que en ocasións viven en parellas ou pequenos grupos familiares. En parte da súa distribución son sedentarios, pero nas máis frías migran no inverno ás máis cálidas.

REPRODUCCIÓN

O período de celo abarca de febreiro a xullo. As femias poñen 1-6 ovos, que incuban durante 33-38 días, mentres os machos as alimentan. A cría, alimentada pola nai que á súa vez segue sendo alimentada polo macho, pode voar a partir dos 42-49 días, e acada a madurez sexual aos 2-3 anos.

HÁBITAT

Aniña en bosques e zonas arboradas e caza en pradarias, campos e cultivos.

DISTRIBUCIÓN

Poden atoparse durante todo o ano na meirande parte de Europa, incluíndo illas, na Macaronesia, Cáucaso e norte de Anatolia e de Irán. Só en verán en Fenoscandia, na Europa oriental, sueste da Rusia asiática e as súas fronteiras. Só en inverno no Magreb, leste e sur de África, sur de Anatolia, Chipre, India, Sri Lanka, Levante e sur de Arabia.

CURIOSIDADES

Os buxatos sedentarios cantan todo o ano, os que migran só na época de cría. Machos e femias cortéxanse entre si mediante cantos e danzas no aire.

A subespecie presente no campus é *Buteo buteo buteo* (Linnaeus, 1758), propia de Europa agás por Córsega e Sardeña.